

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DO INTERIOR

**1918** *Real decreto 100/2014, do 21 de febreiro, polo que se establecen determinadas disposicións sobre o exercicio do dereito de sufraxio pasivo nas eleccións ao Parlamento Europeo.*

A disposición adicional segunda da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, habilita o Goberno para ditar cantas disposicións sexan precisas para o seu cumprimento e execución.

O presente real decreto incorpora ao ordenamento xurídico interno a Directiva 2013/1/UE do Consello, do 20 de decembro de 2012, que modifica a Directiva 93/109/CE pola que se fixan as modalidades de exercicio do dereito de sufraxio pasivo nas eleccións ao Parlamento Europeo por parte dos cidadáns da Unión residentes nun Estado membro do cal non sexan nacionais. Este dereito recoñécese no artigo 20.2.b) do Tratado de funcionamento da Unión Europea, así como no artigo 39.1 da Carta dos dereitos fundamentais da Unión Europea.

Entre as modificacións introducidas, a Directiva 2013/1/UE do Consello, do 20 de decembro de 2012, suprime o requisito de que os cidadáns da Unión Europea, ao presentaren a súa candidatura nun Estado membro que non sexa o seu Estado de orixe, teñan que presentar unha certificación emitida polas autoridades deste último que acredite que non foron privados do dereito de sufraxio pasivo no dito Estado ou que non teñen constancia de tal privación. Este requisito foi substituído pola presentación dunha declaración formal en que a persoa que desexa presentar a súa candidatura manifieste que non foi privada do dereito de sufraxio pasivo nas eleccións ao Parlamento Europeo.

Así mesmo, entre outros aspectos relacionados coa identificación de candidatos, a directiva establece que para facilitar a comunicación entre autoridades nacionais, os Estados membros deben designar un punto de contacto encargado de recibir, notificar e transmitir a información contida nas declaracións formais de cidadáns de Estados membros da Unión Europea residentes en Estados distintos do de orixe que desexen exercer o seu dereito de sufraxio pasivo nas eleccións ao Parlamento Europeo.

A Xunta Electoral Central, no seu informe do 19 de decembro de 2011, considerou que a autoridade de contacto para solicitar información sobre se un cidadán nacional doutro Estado membro da Unión Europea se encontra privado do dereito de sufraxio pasivo debe ser a propia Xunta Electoral Central, como órgano competente para a proclamación de candidatos ao Parlamento Europeo, de conformidade co disposto no artigo 220.1 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño.

Na súa calidade de punto de contacto nacional, a Xunta Electoral Central remitirá ao Estado membro de orixe as declaracións formais presentadas ante esta por cidadáns doutros Estados membros residentes en España que desexen presentar candidatura nas eleccións ao Parlamento Europeo para solicitar información sobre se están ou non privados do dereito de sufraxio pasivo.

Igualmente, nesa mesma condición de punto de contacto, realizará as actuacións correspondentes para atender as solicitudes de información doutros Estados membros sobre aqueles cidadáns españois residentes nos ditos Estados que desexen presentar candidatura nas eleccións ao Parlamento Europeo.

Para estes efectos, a Secretaría de Estado de Xustiza deberá remitir á Xunta Electoral Central a información necesaria.

Na tramitación deste real decreto solicitouse o informe das comunidades autónomas, da Comisión Nacional da Administración Local e da Xunta Electoral Central.

Na súa virtude, por proposta do ministro do Interior, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 21 de febreiro de 2014,

## DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto establecer determinadas disposicións sobre o exercicio do dereito de sufraxio pasivo nas eleccións ao Parlamento Europeo en cumprimento da normativa comunitaria.

Artigo 2. *Punto de contacto en España.*

A Xunta Electoral Central será o punto de contacto en España para recibir, transmitir e notificar, conforme o disposto nos artigos seguintes, a información que corresponda en relación tanto cos cidadáns doutros Estados membros da Unión Europea que residan e presenten en España candidatura ás eleccións ao Parlamento Europeo, como dos cidadáns españois que residan noutros Estados membros e desexen presentar neles a súa candidatura ás citadas eleccións.

Artigo 3. *Exercicio do dereito de sufraxio pasivo nas eleccións ao Parlamento Europeo por cidadáns da Unión Europea residentes en España.*

1. Os cidadáns da Unión Europea residentes en España nacionais doutro Estado membro que presenten a súa candidatura ante a Xunta Electoral Central para exercer o dereito de sufraxio pasivo nas eleccións ao Parlamento Europeo deberán presentar, ademais dos documentos exixidos aos candidatos de nacionalidade española, unha declaración formal en que conste:

- a) A súa nacionalidade, data e lugar de nacemento, o seu último domicilio no Estado membro de orixe e o seu domicilio en España;
- b) que non se presentan simultaneamente como candidatos nas eleccións ao Parlamento Europeo noutro Estado membro;
- c) se for o caso, a entidade local ou a circunscrición do Estado membro de orixe en cuxo censo electoral estiveron inscritos en último lugar;
- d) que non foron privados do dereito de sufraxio pasivo no seu Estado membro de orixe mediante resolución xudicial ou decisión administrativa de carácter individual, sempre que esta sexa impugnabile ante os tribunais.

Respecto dos aludidos cidadáns, a Xunta Electoral Central realizará tamén as comprobacións do cumprimento dos requisitos de elixibilidade previstos na Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral.

2. A Xunta Electoral Central remitirá as declaracións aos Estados membros de orixe dos cidadáns a que se refire o número anterior e recibirá dos ditos Estados, no prazo que estes determinen, a información sobre se se encontran ou non privados do dereito de sufraxio pasivo.

3. A falta de recepción no prazo previsto no número anterior da información que permita á Xunta Electoral Central valorar a admisibilidade da candidatura non impedirá que esta se admita.

4. Cando, de acordo coa información proporcionada, un cidadán fose privado do dereito de sufraxio pasivo no Estado de orixe, a Xunta Electoral Central declarará a inelixibilidade do candidato. Adicionalmente, adoptará as medidas apropiadas para impedir que exerza o dereito de sufraxio pasivo ou, cando isto non sexa posible, para impedir que resulte elixido.

Se a información for coñecida con posterioridade a que o cidadán tomase posesión do escano, a Xunta Electoral Central trasladará esa información ao Parlamento Europeo, para efectos de que este poida adoptar as medidas apropiadas para impedir que continúe exercendo o seu mandato.

5. Os cidadáns da Unión Europea residentes en España nacionais doutro Estado membro que, por resolución xudicial ou administrativa de carácter individual, sempre que

esta sexa impugnabile ante os tribunais, fosen privados do dereito de sufraxio pasivo, en virtude da lexislación española ou da do Estado membro de orixe, quedarán privados do exercicio dese dereito nas eleccións ao Parlamento Europeo.

Artigo 4. *Exercicio do dereito de sufraxio pasivo nas eleccións ao Parlamento Europeo por cidadáns españois residentes noutros Estados membros da Unión Europea.*

1. A Xunta Electoral Central recibirá dos puntos de contacto nos outros Estados membros a notificación das declaracións formuladas polos cidadáns españois residentes neses Estados que desexen presentar neles candidatura nas eleccións ao Parlamento Europeo, e disporá dun prazo de cinco días hábiles a partir da recepción da notificación, ou outro máis curto se así o solicita o Estado membro de residencia e for posible, para lles transmitir a información acerca de se os ditos cidadáns están ou non privados do dereito de sufraxio pasivo.

2. Tan axiña como a Xunta Electoral Central reciba dalgún punto de contacto doutro Estado membro unha notificación cunha declaración das referidas no número anterior, o seu presidente dará traslado dela á Secretaría de Estado de Xustiza. Esta última, dentro do prazo de cinco días hábiles contados desde que a Xunta Electoral Central recibise a notificación, comunicará ao presidente da mencionada xunta a información correspondente sobre as persoas privadas do dereito de sufraxio.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.1.<sup>a</sup> da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva para a regulación das condicións básicas que garantan a igualdade de todos os españois no exercicio dos dereitos e no cumprimento dos deberes constitucionais.

Disposición derradeira segunda. *Incorporación de dereito comunitario.*

Mediante este real decreto incorpórase ao dereito español a Directiva 2013/1/UE do Consello, do 20 de decembro de 2012, que modifica a Directiva 93/109/CE pola que se fixan as modalidades de exercicio do dereito de sufraxio pasivo nas eleccións ao Parlamento Europeo por parte dos cidadáns da Unión residentes nun Estado membro do cal non sexan nacionais.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 21 de febreiro de 2014.

JUAN CARLOS R.

O ministro do Interior,  
JORGE FERNÁNDEZ DÍAZ